

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO Á MERCANTIL "SIMIS MOBILIARIO, S.L." (B-70292628).**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 45-2023, por un importe total de 864,98 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da adquisición de mobiliario á mercantil "SIMIS MOBILIARIO, S.L." (B-70292628).

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/1855, de data 21.11.2023, así como o RCMOD núms: 2023/80841, de data 20.11.2023, por importe de 864,98 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 864,98 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
33000.22699	864,98 €	33000.62500	23XX00017	864,98 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>864,98 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>864,98 €</b>

Firmado por: \*\*\*947\*\*\* - LARA MENDEZ LOPEZ (FECHA: 2023-11-23 11:17:52.00)

CVD: /5cdwUThA5XZA/s6X4N

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto: 10506/2023

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4720922351652119064.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 45-2023 Cultura

**SEGUNDO.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.